O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: vertedoiro con billa, mesas cómodas, andeis para gardar traballos e materiais, espazos para expoñer obras e comentar, vertedoiro con auga, espazo ou moble de secado, etc.

Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Aula de informática do centro.
Plataforma de ensino virtual
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Exemplos de traballos feitos por compañeiros en anos anteriores que sirvan como guía
Páxinas web de museos, salas de exposicións...

Empregaremos dúas aulas: na parte inicial do curso traballaremos na súa aula de referencia e conforme iniciemos o traballo plástico iremos a aula de Plástica que conta con acceso a auga e conta con maior espacio para traballar en grupo.

O alumnado deberá aportar o seguinte material :

- Papel para debuxo e técnicas húmidas.
- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Tesoiras.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Regra, escadra e cartabón.
- Compás.

Ademais de contar co xa citado abanico de imaxes ou obras que lles poden servir de guía, teremos obra orixinal na aula así poderán observar pequenos detalles que non son captados nunha fotografía como: o volume de certos trazados, as texturas, o presión no papel que fan certas técnicas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

1. Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, interese pola materia
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentés...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información será mediante unha proba gráfico-plástica que se levará a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso. Esta proba irá acompañada de conversas informais e debates.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización das tarefas...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	24	9	6	6	6	6	6	6	6	25
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

1. Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 60%

2. Traballo diario na aula/ xestión: toma apuntamentos, participación, realización de preguntas, seguemento da dinámica de traballo, traer o material necesario para cada sesión, realizar as entregas no prazo. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 40%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.

- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.
- Entrega as tarefas en prazo.

En canto o redondeo, se a nota é superior a 5 e as décimas son iguais ou superiores a 0.8 a calificación será o número seguinte. Por exemplo: Se a media é 5.85 a nota será de 6.

Por outra banda tamén se terá en conta o percorrido do estudante que pode que non alcance as décimas mencionadas pero pola súa evolución e traballo pode merecer pasar o número enteiro seguinte.

CUALIFICACIÓN FINAL:

A cualificación final será unha media aritmética entre as 3 avaliacións considerándose a materia superada se o número obtido é 5 ou superior.

Para a realización desta media utilizaremos a nota real (sen redondeo) obtida polo estudante en cada avaliación, seguindo o mesmo criterio citado con anterioridade no redondeo.

Crterios de recuperación:

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración dos traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores.

Para ditas entregas avisarase co tempo suficiente para indicar cando serán (no caso do bloque de debuxo técnico ditas láminas faranse na propia aula) : na 1ª avaliación terán oportunidade de repetir/ facer o pendente. No inicio da 2ª avaliación haberá posibilidade de recuperar a 1ª e no final da mesma poderán entregar o pendente desa avaliación. No inicio da 3ª avaliación poderán recuperar a 2ª, e no final da mesma poderán entregar o pendente da 3ª avaliación.

RECUPERACIÓN FINAL:

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, presentarase a unha avaliación final na que poderá recuperar a/as avaliacións que ten suspensas:

1ª avaliación: realización dunha proba escrita cos contidos tratados nesa avaliación, realizarase na aula.

2ª e 3ª avaliación: entrega dos traballos suspensos ou non entregados (poderán facerse na casa). As novas entregas farán media co resto de traballos, coas porcentaxes establecidas na programación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo que consistirá na realización de un cuadernillo con: exercicios técnicos ,gráfico-plásticos e audiovisuais. Neste curso hai 2 estudantes nesta situación.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media aritmética da entrega das 3 avaliacións, considerándose superada a materia se a nota e igual ou superior a 5.

Tanto o redondeo como a nota final segue os parámetros indicados no apartado 5.2.

PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidades. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidade visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- O grupo dividirase en dous desdobres polo que teremos 14 alumnos en cada un, sen dúbida esto permitirá dedicar maior tempo a cada un deles e de mellor calidade.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.								
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X					
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X
ET.10 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, galerías, salas de exposicións, etc., con eventos temporais ou permanentes	X	X	X
Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros	X	X	X

Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados o longo deste, tamén hai cambios nas programacións das institucións artísticas ou non sempre as coñecemos o inicio do curso académico. Por outra banda, haberá actividades que se poden ver condicionadas pola climatoloxía xa que se desenvolven no exterior. Tendo en conta o anterior, indicaremos as actividades que neste inicio de curso proporemos:

- En colaboración co Dpto. de Tecnoloxía/ Bioloxía levaremos acabo un proxecto para a realización de alfombras florais (os maios), dividiendo a actividade en varios pasos: 1 o deseño, 2 saída para a búsqueda das froes 3 realización
- En colaboración co Dpto. de Galego/ Bioloxía do centro continuaremos co traballo iniciado o curso pasado no Bestiario para agora afondar no coñecemento da fauna galega mediante visita a centro de interpretación/ charla sobre o tema.
- Saída para a creación de esculturas de area na praia da Lanzada que neste curso versará sobre a temática das gárgolas , posiblemente será a finais de maio dependendo de mareas e o tempo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adaptación a este.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
Metodoloxía empregada
M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
M) Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
Medidas de atención á diversidade
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitámla o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitámla nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de tutores, de nivel...)
AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).

Outros
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo.
A) Que teño en conta para medir os resultados? A nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados